

ANUNCIO

En sesión plenaria do día 29/04/2021 aprobáronse as bases da convocatoria pública para a elección do xuíz de paz titular e substituto no Concello de Rianxo que se transcriben deseguido:

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO

Estando vacantes as prazas do Xuíz de Paz Titular e Substituto do Xulgado de Paz deste Municipio e tendo en conta o acordado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de oficiar a este concello para que se inicie novo expediente ao efecto, efectúase convocatoria pública, co fin de que as persoas interesadas poidan presenta-las instancias, no Rexistro do Concello de Rianxo, durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP da Coruña. A convocatoria publicarase igualmente, mediante editos, no taboleiro de anuncios municipal, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

1.- CONDICIÓN LEGAIS DOS SOLICITANTES.

Para poder concorrer precísanse os seguintes requisitos:

- a) Ser español.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso nalguna das causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss.

2.- INCAPACIDADES.

Están incapacitados os impedidos física ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento, e os que non estean en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

3.- DOCUMENTOS QUE SE ACHEGARÁN COA SOLICITUDE.

Os interesados deberán achegar SOLICITUDE na que indicaran expresamente a praza a que concorren, titular, substituto ou ambas, coa seguinte documentación :

- a) Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do documento nacional de identidade.
- b) Certificación médica, expedida pola Xefatura Provincial de Sanidade, acreditativa expresamente de non estar impedido física ou psiquicamente para o exercicio da función xudicial.
- c) Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes, e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1980, do 1 de decembro, no seu punto 1.a) referente a "si se encontra inculcado o procesado".-
- d) Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais recollidas, respectivamente, no artigo 303 e 389 a 397 da LOPX, a excepción do exercicio de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1.2 e 14 RXP).
- e) Xustificación dos méritos que, no seu caso, alegue o solicitante.-

4.- PROCEDEMENTO.

Transcorrido o prazo para a presentación de solicitudes, polo Pleno do Concello procederase á elección de

Xuíz de Paz Titular e Substituto entre as persoas que, solicitándoo, reúnan as condicións legalmente establecidas.

O acordo adoptarase co voto favorable da maioría absoluta dos membros da Corporación.

De non presentar solicitudes, o Pleno do Concello elixira libremente.

O acordo do Concello será remitido ao Xuíz de primeira instancia e instrución do partido xudicial, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O nomeamento do Xuíz de Paz titular e o Substituto será efectuado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por un período de catro anos.

Considerando o disposto na Lei orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder xudicial (LOPX), Lei 39/1988, do 28 de decembro, de Demarcación e Planta xudicial (PDPX) e Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (RXP), publícanse no BOP da Coruña e, mediante editos, no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón e no propio Xulgado de Paz.

Rianxo, 3 de maio de 2021

O Alcalde, Adolfo F. Muíños Sánchez